

ARMANDO REQUEIXO: “Un bo crítico ten un selo persoal, un estilo”



Posted by: loiscalcayde on 7 Diciembre 2017



Traspasa coa ollada azul. O humor dos ollos é un termómetro, a humidade calibrada do vibrar íntimo. Armando Requeixo ten a ollada azul e un humor despexado, coa vista concentrada, “son capaz de ler en calquera lugar”. O mesmo azul ca un Sargadelos, frontal pulcro e cerámico. Nado en Mondoñedo, ten 46 anos. Autor de numerosos estudos, textos críticos e ensaios como Xosé María Díaz Castro. Vida e obra (2013, Galaxia) ou o seu recente Álvaro Cunqueiro e Mondoñedo (2017, Concello de Mondoñedo), é mindoniense e iso é declaración de territorio: “somos expansivos por natureza, aquilo da antiga

provincia do Reino de Galicia”. Cecaix sexa o poder de engrandecer ou empequenecer letras cunhas poucas palabras nun [Seguir a loiscaydedans](#) 1.

Eses mesmos ollos están postos no océano Atlántico, el di que é máis do mar de Foz, polo Cantábrico, e o Mediterráneo por outra beira, viviu os seus primeiros 13 anos en L’Hospitallet de Llobregat.

Doutor en Lingua e Literatura Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela, leva un periplo de catedrais e se considera “home de fe”, “da miña muller, Fe, e da outra fe”, non en van no referente á crítica literaria di que “a canda un deus, sempre ten que haber un grande apóstolo”. Requeixo destaca coma crítico, unha loucura moderna, “unha tolemia se cadra deliciosa porque a un lle gusta ler tanto, non?”, un mais coñecidos do noso país nese eido literario. É medidor e catador das novas xeracións de escritoras e escritores, lendo a tempo real gran parte da vella e nova produción literaria galega sen acabar nunha síndrome “Alonso Quijano”, este home de sorriso atlético mantén o azul celeste relaxado en cada xesto que fai. O compatriota de Cunqueiro e Díaz Jácome fálanos dun truco demoníaco (meigas fóra), do seu novo libro e da súa faceta coma observador das letras, da súa cor favorita, do primeiro bico e de pasar o ferro. Gústalle cocinar e ler na noite máis avanzada. “Tamén fago cousas normais”.

O lugar onde concertamos o encontro, o Pazo de San Roque, en Compostela, ten un xeito anárquico no exterior. Coma moitas construcións galegas mantén un frontal con poucas ventás espalladas por toda a superficie branca sen lóxica aparente, a necesidade do oco e da luz. Na outra punta do mundo o arquitecto Wright, aquel que fixo unha casa na cascada, diría que “a vida de dentro se reflicte fóra”, Álvaro Siza estaría conforme. Nada máis entrar o branco convértese en pedra núa e lisa. A pesar de ser un edificio oficial -nel están ubicadas a Secretaría Xeral de Política Lingüística e o Centro Ramón Piñeiro, entre outras entidades- aínda conserva unha portada de madeira coa pechadura de ferro, tan larga coma o brazo dun home medio. Hai un certo aire monacal e aséptico. Máis que ser algo ideado por Escher, aquel fascinado polas escaleiras converxentes, San Roque convida a sentarse, ten asentos conventuais na pedra, tallados aos lados de cada ventá. E Armando está no medio, dando voltas. Anda a falar por teléfono. Nese patio hai xente que, ou ben vai a outras dependencias, ou ben se comunica tomando o aire no medio e medio onde entra toda a luz. Armando anda felizmente acelerado, “imos, imos, sígueme por aquí!” Acolle os amigos cunha aperta quente de palabras e un abrazo, móvese e fala a ritmo relaxado pero continuo, desprázase con longas alancadas. Entramos agora nunha estancia ben distinta.

Cruzamos unha sala administrativa, con calefacción potente onde dúas persoas traballan nun ordenador parapetadas por unha parede de vidro. Seguimos a loisalcaydedans a de Ferrero Rocher. Armando abre outra porta e xa estamos dentro da sala de xuntas do Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. A cara do literato míranos dende dúas fotografías, nas dúas o escritor e mentor de Carlos Casares ten os brazos erguidos, coma enunciando. O resto da sala son andeis repletos, caixas de libros, unha televisión, unha bandeira de Galicia e outra española, cadansúa nun estandarte protocolario, unha enorme mesa moderna de madeira para reunións, arquivadores e unha ventá solitaria, enriba de todo, grande e de honestidade rexia, ten un asento anexo pero illado do chan, flotante, “isto está cambiado. Coa rehabilitación remodelaron todo, isto antes era unha semialtura”. Coma os ecos nunha barca de pedra escoitamos lixeiramente o tráfico do exterior. É unha mañá de outono e a rúa está húmida, “o tempo que queiras, temos moito por diante”.

Lembras a túa primeira recensión? Primeiro estudante, logo profesor por Pontevedra, pasaron anos. Pois é que un vai indo maior xa, -risas- comecei moi novo, debeu ser aos 19 anos... e agora teño 46.

Fuches precoz. Si, sempre tiven ese becho da tinta correndo polas veas, empecei moi noviño. Recordo cal foi o meu primeiro texto ensaístico sobre tema literario, pero concretamente de comentario de libro de actualidade, de crítica, non me acordo. Pero si que lembro cal foi o meu primeiro texto de ensaio, un sobre Álvaro Cunqueiro, precisamente.

Semella unha premonición. Supoño que alí estaba determinado. Eu son mindoniense e teño devoción absoluta por Cunqueiro, foi un texto sobre el e o seu mundo que escribín hai case 30 anos. Falaba do papel fulcral que na obra xenial e universal de Cunqueiro tiña Mondoñedo, a súa xente, a súa paisaxe a súa paisanaxe. Así que dalgún modo un tamén é debedor dos seus mantras, aos que un volve en ciclos, e este libro que presentamos esta semana, Álvaro Cunqueiro e Mondoñedo, dalgún modo actualiza ou fai que encarne xa en forma de libro unha debilidade lectora que tiña dende un primeiro momento.

Paco Umbral tiraba os libros que non lle gustaban á piscina da súa casa. Ti que fas cos que non che gustan? Non os tiro. Eu entendo que un creador ou creadora cando dá a coñecer unha obra e a publica ten detrás moitas horas de traballo e ilusión, moito de loitar co texto, parágrafos, personaxes, estruturas con todo o narrativo, o tecido dunha obra, e iso merece o máximo dos respectos. Entón, entendo que Umbral era un personaxe.

Non te preocupes que tamén vamos a hablar de tu libro Probablemente nin sequera o facía nese sentido estrito, aínda que el **Seguir a loiscaydedans**

Pero sí, dun modo moi plástico quitaba de diante as obras que non lle interesaban. Asimesmo, teño dito nalgunha ocasión que hai libros que son extraordinarios, que son bos ou moi bos e que a crítica ou crítico ten que saudalos ou dállos a coñecer, ten que dicirlle ao público "por favor, detéñanse un minuto, se pasan por unha libraría ou na rede, non deixen de asomarse a esta obra, paga a pena, creo que lles pode traer satisfaccións".

E as que non tanto? Hai outras obras que ao mellor non están tan perfiladas pero que si que teñen valores suficientes, meridianos. O traballo crítico é dicir "esta obra está no mercado, esta obra ten estas luces e aquí ten estas bondades, pero tamén estas eivas, lagoas, cuestións mellorables e, talvez, dende a visión da crítica, esta obra podería mellorarse traballando máis nesta liña". Eu creo que o labor do crítico é facer isto coas obras que talvez teñen un acabado menos brillante. Despois hai obras que non chegan a un mínimo, un mínimo literario de calidade. Esas obras, que son esas que Umbral tiraba á piscina, o que fago é deixalas respectuosamente por todo o que che dicía hai un minuto, pero deixalas abeiradas nalgún lugar da miña biblioteca. Non me desfago delas, entendo que son unha proba falida.

Cal é a peor crítica? Creo que a crítica máis feroz, máis brutal, máis severa que pode facer un crítico literario é non falar dun libro. O silencio.

O silencio. É o peor. E penso que sempre que se publica algo o esperable é unha reacción. unha reacción de parte do mundo da crítica, no caso dun creador literario. Positiva ou non. Pero que se cree un diálogo veraz e vizoso que poida facer ao creador repensar a súa obra e enfocar un camiño futuro de escritas. Cando as críticas son boas, mel sobre filloas. E se a crítica non é boa, ou non é tan boa, mellor dito, supoño que o creador ou creadora sacará unha aprendizaxe. O crítico, se fai unha crítica educada ou construtiva entendo que a creadora ou creador pense... "pódeme ver así e, no futuro, esa crítica pesará sobre min, gravitará sobre min cando estea producindo unha obra e é algo que me enriquece no coñecemento, no sentido de como pode verse a miña obra, acéptoo con *fair-play* e lle fago ou non lle fago caso". Pero o terrible, supoño, é ver que unha obra non recibe ningún tipo de comentario.

"Penso que sempre que se publica algo o esperable é unha reacción. Positiva ou non. A crítica máis brutal é o silencio"

Como se chega a crítico literario? Non hai oposicións. Hai vante curiosa ou un tanto pintoresca que deciden de rapaces dedi **Seguir a loiscaydedans** menos exóticos, hai persoas ás que lles dá por ser árbitro de fútbol ou crítico literario. A pulsión inicial ao mellor para alguén que lle interesen as letras talvez sexa dedicarse á creación pura, como alguén que lle interesa o mundo do fútbol probablemente o seu primeiro sexa ser futbolista, pero hai tipos aos que nos gusta abordar ou sentirnos inmersos neses mundos dende outro ángulo, é o caso do adestrador ou do árbitro de fútbol, ou no meu caso o de crítico literario.

E como é un bo crítico literario? A crítica literaria ben practicada e ben escrita é a que é tamén unha creación literaria. Pode ter esa tintura igual que unha ficción pura e pode ter estimanza e calidade se se fai ben. Hai exemplos dabondo na literatura occidental, dende Eliot a Auden ata moitos escritores que demostraron que na crítica hai literatura no sentido máis estético. Para isto último non hai ningunha escola posible. Unha boa crítica ou crítico detéctase entre outras cousas en que ten un selo persoal, un estilo definido onde presenta a valía dun creador puro. Cando le un xornal ou escoita na radio, nun xornal ou medio que sexa un comentario dun crítico débese ser capaz de recoñecer esa voz persoal.

Aquí, no Pazo de San Roque, presentando o teu Álvaro Cunqueiro e Mondoñedo, dixeches que moitas veces vos chaman cítricos. Unha das designacións non moi amables que se nos dá é a de cítricos literarios polo carácter incisivo que poden ter os comentarios de compañeiras e compañeiros. Si que é certo que entre os creadores literarios puros e os críticos hai unha relación de amor-odio. Incluso hai algún pensador que ten reflexionado sobre este tema e ten dito que somos as dúas caras dunha mesma moeda, é dicir, un crítico necesita dos creadores pero tamén comprendo que a creadora ou creador necesita do crítico, porque en moitos sentidos pode chegar a ser o seu "lector ideal" que ao mellor é quen de entender con máis acuidade a obra do creador, proxectala e difundila.

Sodes indispensables? Hai casos de creadores que hoxe son grandes grazas a que tiveron unha voz crítica que soubo facer ver ao mundo que nesa escrita había un xenio. Poño unha mostra simplemente como botón. Eliot, o poeta, cando escribiu *A terra baldía* axudouse dun compañeiro seu, poeta pero tamén moi bo crítico que era Ezra Pound. Este entrou no poemario e púxoo patas arriba, estruturou, podou nel e despois axudou a crear ese escaparate, esa caixa de resonancia que precisaba o Eliot creador para que despois se convertese nun mito e nunha das grandes voces, quizais o poeta máis coñecido do século

pasado. Vou facer así unha comparanza un pouco irreverente pero creo que se me vai entender ben: "a canda un deus, sempre t **Seguir a loiscaydedans** apóstolo". Senón é así ese deus pode ser un deus menor. Eu creo que esa é a relación natural que teñen os creadores cos críticos. No meu caso teño moita sorte.

A que te refires con sorte? Teño o privilexio de en moitas ocasións saber que é o que vai ser unha proposta literaria de interese ou de valor que pode resultar ben, que pode agradar mesmo antes de que ese libro tome corpo. Porque ao mellor ese libro xa o lin de xurado nun premio literario. E podo votar por el ou non, porque ás veces se dá a circunstancia de que só podes premiar un e hai dous ou tres bos e acaban noutros premios.

"Entre os creadores literarios puros e os críticos hai unha relación de amor-odio."

Levas un ritmo de lecturas frenético: recensións en prensa, no teu blogue Criticalia, actos, simposios, xurado de certames... Si, vertixinoso. Recoñezo que pode ser mareante e case cabreante para algunha persoa, a algúns poñeremos nerviosos, entendo. Un observador neutro pode dicir: "este home vive nunha tolemia" -risas-.

Unha tolemia gozosa, supoño. Unha tolemia se cadra deliciosa porque lle gusta ler tanto, non? Non deixa de ser un escravismo autoimposto, pero é fabuloso, é a miña paixón. Tamén axuda que son medio insomne. Son capaz de con 3, 4 horas de sono...

Como Napoleón! Efectivamente, eu podo deitarme ás 3, 4 da mañá e erguerme ás 7 e 8 da mañá.

E fresco coma unha rosa? Tal e coma estou aquí agora. Iso dáme unha posibilidade de xogo, se cadra por riba doutras persoas que ao mellor teñen uns ciclos máis sensatos de sono e, ao mellor, necesitan de 10 horas e se van deitar ás once da noite e se erguen ás sete u oito coma calquera persoa sensata. Eu como achico eses tempos teño un bonus track. Dáme a posibilidade de facer lecturas de noite, máis demoradas, máis tranquilas... e ir poñéndome ao día no moito e, en non en pequena medida, interesante que se vai producindo.

Non necesito moitas horas de sono, co cal podo aproveitar os períodos nocturnos.

Seguir a loiscaydedans

Gústache ler de noite? Gústame moito. É un dos meus momentos preferidos, a noite é moi silenciosa, moi tranquila e acompañado dun bo libro é fantástica. Eu polo día son un ser humano, teño familia, teño obrigas laborais e procuro non faltar a ningunha destas realidades. Apaixóname a literatura, pero por riba da literatura están as persoas, amigos, familia, os seres humanos. A literatura tamén é iso en boa medida porque unha cousa retroalimenta a outra. Á noite, cando a casa está calma e a familia descansando, aproveito as rodas do fórmula 1 ata que lle saen os arames. Teño sorte que aos meus 46 anos aínda me respecta a vista.

No referente á crítica: "a canda un deus, sempre ten que haber un grande apóstolo".

Esa rapidez ten truco? Teño un sistema "demoníaco".

Demoníaco? Vas ver cando cho diga. Son capaz de ler en transversal. En diagonal. Ás veces dando simplemente unha ollada en cruzado á páxina decodifico a cuestión base. Non o cento por cento do texto pero si o setenta - colle un libro de enriba da mesa e ábreo, arrastra o dedo en diagonal pola páxina- fago así... -murmura rapidamente-. É un sistema. Máis ou menos quedome con iso e podo pasar máis rápido as páxinas. Despois tamén teño un sistema de calas.

Un catador. Algo así. E claro, igual que un bo catador de viño non necesita beber toda a botella...

Acaba bébedo, igual. Claro, pode beber unha parte, un par de copas. Nun poemario que me interese acabo léndoo verso a verso, pero para facer unha primeira peneira, abóndame ler 15 de 50 poemas, por exemplo. Ir saltando ao longo do lido, coller a aura dese volume, e xa me chega para determinar se necesito unha lectura máis demorada ou se non paga a pena porque non chega a uns mínimos. Igual che digo cunha novela ou calquera outro tipo de peza, podo coller unha novela de 200 páxinas e ler as 30, 40 iniciais de feito e despois, se a obra vexo que non acaba de rodar ben, fago unhas calas arredor do libro e vexo como vai cosendo o final. Se a obra reflota ao longo desas

lecturas volvo ao comezo, sigo lendo continuamente e se a obra non se sostén en ningún dos seus tramos e non acaba de [Seguir a loiscaydedans](#) á ben engastada, cedo a lectura.

Recibiches algunha vez presións por parte dunha editorial ou dun escritor sobre o teu traballo? Non, nunca recibín de ningunha persoa nada diso de maneira directa, entre outras cousas porque eu creo que tamén na profesión Galicia ten un tamaño máis ou menos prudente, é fácil que cando levas moitos anos de desempeño acabes coñecendo grande parte do elenco literario, neste caso o galego. As editoriais, medios de comunicación tamén me coñecen ben a min. Saben que sería absurdo facerme ningún tipo de amago ou insinuación nese sentido porque sería perfectamente gratuíta e nada fructífera. É mais, o que conseguiría é apenarme ou entristecerme se algún compañeiro me viñese con ladaíñas. Non me aconteceu. Pero teño coñecemento de compañeiros e compañeiros que se viron en situacións de presión. Insinuacións amables de "home, viña ben arroupar este escritor ou escritora, procura non ser demasiado..."

Estrito? Si, demasiado estrito. É verdade que teño oído ese tipo de cousas. O que si que teño son consideracións propias, miñas, que coinciden ademais con modos de proceder que nestes casos son comúns ou son espazos nos que máis ou menos converxemos os que nos dedicamos en Galicia ou fóra dela á crítica literaria. Por exemplo, que cando un autor ou autora é novel os críticos temos unha consideración sempre máis benévola, precisamente por ser unha voz nova, que cando estás tratando con quen leva 30 anos de oficio e ao que se lle supón unha rodaxe que permite esixirlle un nivel literario que non ten porque acompañar dende o minuto 1 a unha creadora ou creador cando comeza. Creo que hai que saber atopar o punto medio aristotélico, dar o valor a esa obra nobel e, dalgún modo, insinuarlle delicadamente ao creador e ao lector que alí hai madeira e que hai que seguir puíndo nela.



Falaches da rapidez. Gustaríame saber o lugar. Es capaz de ler en calquera sitio ou reservas un espazo íntimo para ti? Son capaz de ler en calquera lugar a calquera hora. É certo que canto menos barullo haxa ao meu redor máis me facilita unha lectura densificada. Teño unha disciplina, teño oficio adquirido de anos de abstraerme e ler en calquera espazo posible... incluso naqueles menos nobres.

Igual estou pensando nun... No mesmo, si. -risas- De feito un día vin nunha rede social unha foto dun individuo que tiña nun [Seguir a loiscaydedans](#) a con andeis. O único que se vía naquela foto, absolutamente xenial, era un WC e as paredes cheas de libros. Recordo que puxen un comentario a esa imaxe dicíndolle: "Me lo pido para reyes". Son capaz de ler en calquera lugar entre outras cousas porque tamén o meu desempeño crítico me empurra a que así sexa. Unha crítica ou crítico que queira ter perspectiva ten que ler unha parte substantiva de todo o que se está producindo en tempo real no sistema literario.

"Teño coñecemento de compañeiros que se viron en situacións de presión."

Que fas cando deixas aparcada por uns intres esta faceta de crítico literario?

Gozo moito e dáme un punto de equilibrio persoal facer traballos manuais. Gústanme os traballos cotiás. Reparar cousas que na casa se estropean, poñer luces, pasar o ferro...

"Poñer luces" tamén pode ser adicarse á crítica. Si, tamén. Pero no sentido máis literal. Pasar cables, facer rozas para mover radiadores dun lado a outro, amañar pezas de cousas tecnolóxicas avariadas e traballos de casa, gústame lavar a louza, gústame moito cociñar. O traballo de lectura, de crítica, de investigación, de análise... esixe unha concentración mental moi alta e o meu equilibrio atópoo precisamente con outro tipo de actividade que frea esa vertixe mental na que vivo, non é algo así coma "non pensar" pero é unha actividade alternativa que fai que non acabe verdadeiramente tolo. Que non me traguen as presenzas literarias...

O Quixote! Efectivamente. Que non sexa un Alonso Quijano. O punto onde me evado diso é facendo traballos moi cotiás. Ao mellor estamos na casa a miña muller, eu e o noso rapaz, acabamos de xantar e hai que lavar a louza, entón eu digo "deixádeme a min". Facemos as tarefas equitativamente, pero se estou son o primeiro en apuntarme: "Non, fago eu de comer, paso eu a aspiradora, paso o ferro". O que sexa. Iso libérame, dáme o punto para que todo ese mundo mental no que te instala a lectura non descompense tanto como para ao final facer que desconectes da realidade.

Álvaro Cunqueiro e Mondoñedo. O libro non é unha guía turística nin un ensaio sobre Álvaro Cunqueiro, senón un cruzamento, unha visión de Mondoñedo a través dos ollos do escritor. Houbo diálogo con el para facer esta obra? Houbo diálogo ata o seguinte punto, a dobre natureza do libro, efectivamente, é deliberada. A guía o que pretende é ser un guieiro posible.

Quen se acompañe dela terá unha información precisa de cada un dos lugares aos que se convida visitar, que son 30 puntos na ([Seguir a loisalcaydedans](#))
 Vistos eses puntos a través dos ollos de Cunqueiro, que é o narrador, o espírito principal do texto. Ata aquí temos toda a aparataxe posible para responder a unha guía de viaxes para o visitante. Pero non quixen que fose simplemente unha guía ao uso, unha guía convencional. O que eu pretendín é que aquelas e aqueles que están máis avezados, máis coñecedores da obra de Cunqueiro e de Mondoñedo, puidesen ler o libro con pracer, con saíbo. Eu supoño que unha persoa que coñeza ben o universo de Cunqueiro probablemente, ao mellor, sabe dun 60, 75, 80%. Pero tamén hai un 20, 25, 30% de cuestións que non leran nunca ou non viran antes postas en relación e que poden atopar nesta obra.

Alí entra “falar” con Cunqueiro. Si, a miña idea é que a xente que lle gusta Cunqueiro ou que lles interesa Mondoñedo se achegue ao libro con gusto e vaia coñecendo cada un deses lugares presentados por quen é o seu protagonista. Non só está o mundo cunqueiriano neses 35 puntos senón que tamén está todo o patrimonio histórico e literario de Mondoñedo a través desa figura locomotora. Hai entradas dedicadas a Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Xosé Díaz Jácome, Eduardo Lence-Santar, Marina Mayoral... é dicir, todos os outros grandes escritores da tradición mindoniense.

Ademais de ser un curioso foco literario, sodes “expansivos”. Foi unha cousa que me gustou moito da túa presentación, que hai alí bonhomía expansiva. Mondoñedo chega ata o mar! Chega ata o mar, efectivamente. A Mariña forma parte da vella provincia mindoniense do Reino de Galicia. É unha cousa que explico na entrada do libro. “Mindoniense” é un xentilicio que se pode aplicar aos habitantes da cidade histórica, pero “mindoniense” tamén se pode entender coma vello habitante da provincia histórica do reino galego e alí os nosos lindes son case Ferrolterra por un lado, occidente de Asturias por outro... Somos unha especie de triángulo que colle boa parte da zona norlucense e incluso do oriente da provincia da Coruña e o Occidente de Asturias.

Preguntácheslle a Cunqueiro se está contento co resultado? *Neste momento ábrese a porta da sala, cremos ver a don Álvaro co seu traxe gris, a súa gravata longa e escura e lentes negras. Toma asento. Cruza as pernas e diríxenos unhas palabras:*

“Agradezo o esforzo, evidentemente se eu o tivese feito sería outra cousa, sería unha xenialidade, algo sublime. Pero es un soldado esforzado, Armando”.

CUESTIONARIO ANDRÓMINO:

1. Onde foi o primeiro bico? Nunha cafetería en **Lugo que xa non existe**
“Inda”, coa que hoxe é a miña muller, Fe. **Seguir a loiscaydedans**

2. Choras a miúdo? Teño facilidade, emociónome e son sensible. O cal me alegra porque sei que estou vivo.

3. Unha cor. Azul. Non moi claro, un azul eléctrico, como o Sargadelos.

4. Primeira cousa á que miras ao falar cunha persoa. Os ollos, procuro non intimidar coa mirada pero si que me fixo moito neles.

5. Unha comida que che guste moito. De Galicia, a empanada ou o polbo. De fóra, sonche moi italiano, gústame calquera prato de pasta.

6. Cor máis común dos teus calcetíns. Antes, negro. Empregaba moito o negro. Agora tamén azul ou marrón, por consello da miña muller, que sabe máis disto ca min.

7. A que ule o teu xampú? Olores frescos, nada denso nin melifluo.

8. Que canción che gustaría escoitar agora mesmo? Calquera dos temas que Amancio Prada musicou de *A dama e o cabaleiro*, de Cunqueiro.



Recent Post

O desengano hipotecado. “Eroski Paraíso”,